(*)Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

(*)Presentación da Facultade

(*)

A Facultade de Educación é a escola de escolas: unha institución pública ao servizo de todas as persoas interesadas na mellora continua da educación e dos servizos sociais. Trátase dun centro universitario que se asenta sobre a historia dos centros de formación de mestres/as, educadores/as sociais e traballadores/as sociais, pero tamén sobre a historia do ensino e dos servizos sociais.

É unha facultade, polo tanto, que tenta incorporar todos os medios técnicos posibles, pero sen renunciar a un pasado que se constrúe sobre o esforzo colectivo dos profesionais e da cidadanía.

Os cambios respecto ao presente son considerables. Pero hai algo que unha facultade de educación debe contribuír a que se manteña: o espírito solidario dos veciños/as e a percepción da escola como propia, como asunto da comunidade.

Agardo que as persoas que elixen esta facultade para realizar os seus estudos teñan esa mentalidade de pertenza a un grupo que constrúe o futuro colectivo da educación e dos servizos sociais.

A oferta educativa para o próximo curso no Centro é:

Catro títulos de Grao:

- GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
- GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA
- GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL
- GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Catro títulos de Máster:

- Master en Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos
- Master en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Master en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Master en Profesorado de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino dos Idiomas (especialidades de Orientación, Xeografía, Historia, Humanidades, Matemáticas e Tecnoloxía) Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudiantes en programas de movilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web

http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php

(*)Equipo Decanal

(*)

O Equipo Decanal está composta polos seguintes membros:

Decana:
Dª María del Mar García Señorán

Vicedecanos/as:

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Dª María del Carmen Ricoy

D. Xosé Manuel Cid Fernández

D.ª María del Pino Díaz Pereira

Secretario:

D. Antonio González Fernández

(*)Localización

(*)

LOCALIZACIÓN DA FACULTADE.

Dirección postal:

Facultade de Ciencias da Educación

R/. Doctor Temes, s/n 32004 Ourense

A Facultade de Ciencias da Educación atópase no denominado Edifico Facultades ou Edificio de Ferro, contando ademais con outros espazos docentes situados nos pavillóns 1 e 2.

Directorio telefónico:

Conserxería: 988 387 101

Secretaría alumnado Graos : 988-387-168, 98- 387-194, 988-36-890

Secretaría alumnado Mestrados: 988 368 893

Decanato: 988-387-159

Correo electrónico:

Secretaría alumnado: secexbo@uvigo.es

Secretaría Decanato: sdexbo@uvigo.es

(*)Grao en Educación Primaria

Subjects

Year 1st

Code	Name	Quadmester	Total Cr.
O05G120V01101	Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino	1st	6
O05G120V01102	Educación: Teoría e historia da educación	1st	6
O05G120V01103	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	1st	6
O05G120V01104	Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento	1st	6

O05G120V01105	Socioloxía: Socioloxía da educación	1st	6
O05G120V01201	Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria	2nd	6
O05G120V01202	Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria	2nd	6
O05G120V01203	Historia: Historia do presente	2nd	6
O05G120V01204	Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento	2nd	6
O05G120V01205	Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar	2nd	6

Year 2nd			
Code	Name	Quadmester	Total Cr.
O05G120V01301	Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria	1st	6
O05G120V01302	Ciencias experimentais	1st	6
O05G120V01303	Lingua española	1st	6
O05G120V01304	Matemáticas e a súa didáctica I	1st	6
O05G120V01305	Xeografía	1st	6
O05G120V01401	Didáctica das artes plásticas e visuais	2nd	6
O05G120V01402	Didáctica das ciencias experimentais I	2nd	6
O05G120V01403	Expresión e linguaxe musical	2nd	6
O05G120V01404	Lingua galega	2nd	6
O05G120V01405	Matemáticas e a súa didáctica II	2nd	6

Year 3rd			
Code	Name	Quadmester	Total Cr.
O05G120V01501	Didáctica da lingua e literatura: Galego	1st	6
O05G120V01502	Didáctica das ciencias experimentais II	1st	6
O05G120V01503	Didáctica das ciencias sociais	1st	6
O05G120V01504	Innovación e investigación didáctica	1st	6
O05G120V01505	Lingua francesa e a súa didáctica	1st	6
O05G120V01506	Didáctica da lingua e literatura: Español	1st	6
O05G120V01507	Lingua inglesa e a súa didáctica	1st	6

O05G120V01601	Educación física e a súa didáctica na educación primaria	2nd	6
O05G120V01602	Lingua e literatura: Galego	2nd	6
O05G120V01603	Lingua e literatura: Español	2nd	6
O05G120V01901	Educación ambiental para o desenvolvemento	2nd	6
O05G120V01902	Educación artística	2nd	6
O05G120V01903	Ética e deontoloxía profesional	2nd	6
O05G120V01904	Idioma estranxeiro: Francés	2nd	6
O05G120V01905	Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés	2nd	6
O05G120V01906	Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés	2nd	6
O05G120V01907	Idioma estranxeiro: Inglés	2nd	6
O05G120V01908	Introdución ao feito relixioso e ao cristián	2nd	6
O05G120V01909	Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Francés	2nd	6
O05G120V01910	Literatura infantil e xuvenil	2nd	6
O05G120V01911	Recursos para o ensino das matemáticas	2nd	6
O05G120V01912	Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Inglés	2nd	6
O05G120V01913	Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés	2nd	6
O05G120V01914	Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Inglés	2nd	6
O05G120V01915	Didáctica da lingua estranxeira: Francés	2nd	6
O05G120V01916	Didáctica da lingua estranxeira: Inglés	2nd	6
O05G120V01931	Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual	2nd	6
O05G120V01932	Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo	2nd	6
O05G120V01933	Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral	2nd	6
O05G120V01934	Aspectos didácticos e organizativos da educación especial	2nd	6
O05G120V01935	Bases pedagóxicas da educación especial	2nd	6

Year 4th			
Code	Name	Quadmester	Total Cr.
O05G120V01981	Prácticas externas: Practicum	An	48
O05G120V01991	Traballo de Fin de Grao	2nd	6

IDENTIFYING DATA				
Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino				
Subject	Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino			
Code	O05G120V01101			
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Galego			
Department	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinator	Fernández Guerra, Ernesto			
Lecturers	Fernández Guerra, Ernesto			
E-mail	efguerra@uvigo.es			
Web				
General description	Esta materia forma parte do módulo temático "Procesos e contextos educativos" de carácter básico, con 6 créditos ECTS; está situada no 1º curso, no primeiro cuadrimestre. Pretende proporcionar aos estudantes uns coñecementos científicos e as técnicas necesarias para reflexionar sobre os distintos aspectos e ámbitos da organización escolar para poder reflectilos nunha realidade concreta, é dicir, nun centro da nosa Comunidade Autónoma. Tenta, tanto pola actualidade dos contidos como polos ámbitos que abarca, desertar os intereses dos estudantes polos aspectos que tradicionalmente non se trataban nos curriculos académicos.			

Competencias	
Code	
CG1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
CG2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
CG3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
CG5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
CG6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
CG7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
CG8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
CG9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
CG10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
CG11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
CG12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
CE1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
CE2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
CE3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfunciones
CE4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informalas e colaborar no seu tratamento
CE5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
CE6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
CE8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
CE9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
CE11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
CE12	Abordar e resolver problemas de disciplina
CE13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais

CE14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática
CE15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
CE16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
CE18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Capacidade de organización e planificación
CT3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
CT4	Coñecemento de lingua estranxeira
CT5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Resolución de problemas
CT8	Toma de decisións
CT9	Traballo en equipo
CT10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
CT11	Traballo nun contexto internacional
CT12	Habilidades nas relacións interpersoais
CT13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
CT14	Razoamento crítico
CT15	Compromiso ético
CT16	Aprendizaxe autónoma
CT17	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT19	Lideranza
CT20	Coñecemento doutras culturas e costumes
CT21	Iniciativa e espírito emprendedor
CT22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
1. Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa e situar a escola no sistema educativo español, no contexto europeo e internacional.	CG1	CE1 CE9 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9 CT13 CT19 CT21 CT22
2. Coñecer a lexislación que regula as escolas de Educación Primaria e a súa estrutura e os modelos de organización do espazo e materiais.	CG6	CE1 CE8 CE9 CE16	CT1 CT6 CT8 CT14 CT22
3. Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade na contorna escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes.	CG7 CG8 CG9	CE1 CE2 CE5 CE9 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT18 CT19 CT22

4. Planificación das secuencias de aprendizaxe e organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo.	CG2 CG4 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE9 CE12 CE16 CE18	CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT16 CT18 CT19
5. Saber traballar en equipo con outros profesionais e colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna co fin de planificar secuencias de aprendizaxe e organizar situacións de traballo na aula e no espazo de xogo identificando as peculiaridades do período de 6-12 anos.		CE1 CE2 CE3 CE4 CE9 CE11 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9 CT18 CT19
6. Ter unha imaxe realista de si mesmo, actuar conforme ás propias convicciónns, asumir responsabilidades, tomar decisións e relativizar as posibles frustracións.		CE1 CE9 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT15 CT18 CT19 CT21
7. Tomar conciencia da complexidade dos procesos educativos en xeral e os procesos de ensino-aprendizaxe nas etapas obrigatorias do sistema educativo.	CG3 CG5	CE1 CE2 CE5 CE9 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9 CT18 CT19 CT22
8. Analizar e aplicar distintas estratexias metodolóxicas para organizar os espazos, materiais e tempos en función de diferentes modelos didácticos e das características e necesidades do alumnado.		CE1 CE2 CE5 CE6 CE9 CE12	CT1 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT22
9. Coñecer experiencias internacionais e exemplos de experiencias innovadoras en educación primaria e aplicalas na aula.		CE1 CE9 CE12 CE13 CE14 CE15	CT1 CT2 CT3 CT4 CT6 CT10 CT11 CT13 CT18 CT19 CT20 CT22

10. Participar na definición de proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de control de calidade.	CE1 CE3 CE9 CE11 CE12	CT1 CT2 CT7 CT8 CT9 CT14 CT18 CT19 CT22
11. Comprender que a dinámica diaria en Educación Primaria é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.	CE1 CE9 CE12	CT1 CT2 CT6 CT7 CT8 CT13 CT17 CT19 CT21 CT22

Contidos	
Topic	
1. FUNDAMENTACIÓN CONCEPTUAL	1.1. A organización escolar. 1.2. O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e de administración. 1.3. O centro e a comunidade educativa.
2. SUBSISTEMA AMBIENTAL/CONCEPTUAL	2.1. A estrutura do sistema escolar.
3. SUBSISTEMA DE PLANIFICACIÓN	3.1. Plan de centro. 3.2. O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e de administración escolar: características e niveis.
4. SUBSISTEMA ESTRUTURAL	4.1. A organización de alumnos, profesores, recursos, espazos, horarios, actividades.
5.- SUBSISTEMA RELACIONAL	5.1.- A participación nos centros educativos. 5.2.- O clima organizativo. 5.3.- A cultura organizativa. 5.4.- O conflito nas organizacións educativas.
6. SUBSISTEMA DE DIRECCIÓN E LIDERADO	6.1. Dirección nas organizacións educativas. 6.2. Os proxectos de dirección. 6.3. Da dirección ao liderado.
7.- SUBSISTEMA DE CAMBIO/ DESENVOLVO ORGANIZATIVO	7.1.- Avaliación de centros. 7.2.- Análise de experiencias de organización. 7.3.- Referencia de modelos e elementos estudados a centros de educación primaria.
8. ORGANIZACIÓN ESCOLAR DIFERENCIADA	8.1. Análise de experiencias de organización. 8.2. Referencia de modelos e elementos estudados a centros de educación infantil.
9.- A ORGANIZACIÓN ESCOLAR NO PRÁCTICUM	9.1.- Achegas da Organización Escolar ao Prácticum.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	2	4
Seminario	12	8	20
Seminario	10	20	30
Traballo tutelado	12	24	36
Lección maxistral	14	42	56
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4
*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.			

Metodoloxía docente	
	Description
Actividades introdutorias	Esta sesión servirá para presentarlle aos estudantes a materia: competencias, contidos, planificación, metodoloxía, atención personalizada, avaliación e bibliografía.
Seminario	A través delas, o profesor facilitará e orientará aos alumnos no seu proceso formativo, podendo ser obxecto de atención calquera das facetas ou dimensións que inciden no mesmo (aspectos académicos, actitudinais, persoais, sociais...).

Seminario	A través dos seminarios abordaranse temas específicos que permiten profundizar os contidos da materia. Utilízanse como complemento das clases teóricas. Computan na avaliación contínua.
Traballo tutelado	Nos traballos de aula os alumnos, de forma individual ou en grupos, realizarán proxectos supervisados polo profesor. Computan na avaliación contínua.
Lección maxistral	A través desta metodoloxía farase a presentación dos temas loxicamente estruturados coa finalidade de facilitar información organizada seguindo criterios adecuados á finalidade dos mesmos. Consistirá na exposición verbal por parte do profesor dos contidos da organización escolar. Computa na avaliación contínua.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Seminario	Atención aos alumnos ao longo do seu proceso formativo

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess		
Seminario	Levaranse a cabo actividades e traballos nos que se profundice sobre aspectos teóricos e prácticos dos contidos da materia.	Ata un 30	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE6 CE8 CE9 CE12 CE13 CE14 CE15 CE16 CE18	
Traballo tutelado	Na avaliación dos traballos de aula dos grupos c teranse en conta os seguintes criterios: - Aspectos formais. - Calidade dos traballos. - Exposición oral se é o caso, e resposta ás preguntas expostas.	Ata un 30	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE6 CE8 CE9 CE12 CE13 CE14 CE15 CE16 CE18	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT20 CT21 CT22

Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	Ata un 40	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE6 CE8 CE9 CE12 CE13 CE14 CE15 CE16 CE18	CT1 CT2 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT19 CT20 CT21 CT22

Other comments on the Evaluation

A nota final da materia ten dous compoñentes:

1º. A/s puntuacións obtidas polos traballos realizados durante o curso (Avaliación contínua), ata o 60%.

2º. A cualificación obtida na proba de preguntas obxectivas (exame), ata o 40%.

Con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.
As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datas exames"

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Ainscow, M., **MEJORAR LAS ESCUELAS URBANAS. LIDERAZGO Y COLABORACIÓN**, Primera Edición, Narcea, 2008

Santos Guerra, M. A.; Lorenzo Delgado, M. y García Sánchez, J.N., **LAS ORGANIZACIONES ESCOLARES. HACIA NUEVOS MODELOS**, FUNDEC, 2001

Cid Sabucedo, A., **PRACTICUM I: PRÁCTICAS DE OBSERVACIÓN Y DE INVESTIGACIÓN. APLICACIÓN SOBRE EL CONTEXTO DONDE SE REALIZA LA ENSEÑANZA**, Copytema, 1996

Feito, R., **LOS RETOS DE LA PARTICIPACIÓN ESCOLAR: ELECCIÓN, CONTROL Y GESTIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS**, Morata, 2011

Pérez Pérez, J. C. (coord.), **GESTIÓN DE CALIDAD EN LA ORGANIZACIÓN Y DIRECCIÓN DE CENTROS ESCOLARES**, Ministerio de Educación y Ciencia. Instituto de Fo, 2005

Thurler, G. y Maulini, O., **LA ORGANIZACIÓN DEL TRABAJO ESCOLAR: UNA OPORTUNIDAD PARA REPENSAR LA ESCUELA**, Primera Edición, Graó, 2000

Complementary Bibliography

Bolívar Botía, A., **LOS CENTROS EDUCATIVOS COMO ORGANIZACIONES QUE APRENDEN. PROMESA Y REALIDADES**, La Muralla, 2000

Cid Sabucedo, A., **EL CLIMA ESCOLAR**, Tórculo, 2002

Cid Sabucedo, A., **LOS PROYECTOS DE DIRECCIÓN**, Auria, 2000

Cid Sabucedo, A., **MACROORGANIZACIÓN ESCOLAR. EL SISTEMA EDUCATIVO, ESTRUCTURA Y CARACTERÍSTICAS**, Departamento de Didáctica y Organización Escolar, 1996

Gimeno Sacristán, J., **EL SISTEMA EDUCATIVO. UNA MIRADA CRÍTICA**, CISS-Praxis-Cuadernos de Pedagogía, 2004

González González, Mª T. ; Nieto Cano, J. M. y Portela Pruaño, A., **ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE CENTROS ESCOLARES**, Prentice-Hall, 2003

Grau Rubio, C., **EDUCACIÓN ESPECIAL. DE LA INTEGRACIÓN ESCOLAR A LA ESCUELA INCLUSIVA**, Promolibro, 1998

Lorenzo, M., **ORGANIZACIÓN ESCOLAR. LA COSNTRUCCIÓN DE LA ESCUELA COMO ORGANIZACIÓN**, Segunda Edición, Ediciones Pedagógicas, 1996

Matín-Moreno, Q., **BANCOS DE TALENTO: PARTICIPACIÓN DE LA COMUNIDAD EN LOS CENTROS DOCENTES**, Sanz y Torres, D. L., 2000

Pacual Pacheco, R; Villa Sánchez, A. y Auzmendi Escribano, E., **EL LIDERAZGO TRANSFORMACIONAL EN LOS CENTROS DOCENTES: UN ESTUDIO EN LAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DEL PAÍS vASCO Y CASTILLA-LEÓN**, Mensajero, D.L., 2006

Pérez Gómez, A. I., **LA CULTURA ESCOLAR EN LA SOCIEDAD NEOLIBERAL**, Morata, 1998

Santos Guerra, M.A.; Lorenzo Delgado, M. y García Sánchez, J.N., **LAS ORGANIZACIONES ESCOLARES: HACIA NUEVOS MODELOS**, FUNDEC, 2001

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201
Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino/O05G120V01101
Aspectos didácticos e organizativos da educación especial/O05G120V01934
Bases pedagóxicas da educación especial/O05G120V01935
Prácticas externas: Practicum/O05G120V01981

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201
Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino/O05G120V01101
Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/O05G120V01202

Subjects that it is recommended to have taken before

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
A realización dos traballos tutelados.

* Metodoloxías docentes que se modifican
As entrevistas que o alumnado mantén co profesor da materia para o desenvolvemento da mesma e do proceso da aprendizaxe faranse vía correo electrónico, videoconferencia ou foro faitic. Previo aviso ao profesor.
A exposición dos contidos por parte do profesor, subiranse os contidos a faitic e aclararanse as dúbidas por correo electrónico, videoconferencia ou foro. Previa comunicación ao profesor.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Levaranse a cabo as titorías por correo electrónico e/ou videoconferencia.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non hai modificacións.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Non hai modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Mantense a mesma porcentaxe.

* Probas pendentes que se manteñen
Mantéñense todas as probas.

IDENTIFYING DATA				
Educación: Teoría e historia da educación				
Subject	Educación: Teoría e historia da educación			
Code	O05G120V01102			
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Galego			
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	Carrera Fernández, María Victoria			
Lecturers	Carrera Fernández, María Victoria Cid Fernández, Xosé Manuel			
E-mail	mavicarrera@uvigo.es			
Web				
General description	Como materia de formación básica, a denominada Educación. Teoría e Historia de a Educación ten como finalidade introducir ó futuro graduado/a no universo educativo a través da análise da educación como práctica cultural presente en todas as sociedades e estreitamente relacionada con cuestións sociais, económicas e políticas. Persegue que o futuro/a graduado/a coñeza e valore desde unha perspectiva crítica o concepto de educación e os seus procesos, axentes, institucións, xunto coa súa evolución histórica e co proceso de configuración do sistema educativo. Busca igualmente unha comprensión histórica, contextual e crítica do fenómeno educativo, que oriente finalmente a súa praxe profesional desde unha perspectiva reflexiva e crítica. Tamén se analizan os aspectos básicos do desenvolvemento histórico da educación en España e en Galicia, prestando especial atención á Educación Primaria e ó proceso de configuración do seu profesorado, da súa formación e da súa lexitimación socioprofesional.			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
CG5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
CG6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
CG7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
CG8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
CG9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
CG10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
CG11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
CG12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
CE1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar

CE2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
CE5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
CE7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
CE9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
CE10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa
CE11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
CE12	Abordar e resolver problemas de disciplina
CE13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
CE14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática
CE15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
CE17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
CE19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
CE20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas
CE22	Relacionar la educación con el medio, y cooperar con las familias y la comunidad
CE23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
CE24	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar
CE29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostenible
CE34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
CE62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
CE64	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro
CE65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
CE66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
CE67	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos
CE68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Capacidade de organización e planificación
CT3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
CT5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Resolución de problemas
CT8	Toma de decisións
CT9	Traballo en equipo
CT10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
CT12	Habilidades nas relacións interpersoais
CT13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
CT14	Razoamento crítico
CT15	Compromiso ético
CT16	Aprendizaxe autónoma
CT17	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT20	Coñecemento doutras culturas e costumes
CT22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe	
Learning outcomes	Competences

Analiza, comprende e avalia a a educación como feito e como acción-intervención desde os marcos teóricos que nos proporcionan distintas teorías contemporáneas da educación	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG6 CG7 CG9 CG10 CG12	CE1 CE2 CE5 CE7 CE9 CE10 CE12 CE13 CE17 CE20 CE23 CE24 CE64 CE67 CE68	CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT20 CT22
Analiza a evolución histórica das institucións educativas formais e non formais tendo en conta os condicionamentos socias, políticos e normativos	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG5 CG6 CG9 CG10 CG11	CE1 CE2 CE5 CE10 CE14 CE17 CE20 CE24 CE65 CE66	CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT20 CT22
Desenvolve un coñecemento reflexivo e crítico da educación que permita comprender a complexidade do proceso educativo	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE7 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE15 CE17 CE19 CE20 CE22 CE23 CE24 CE29 CE34 CE62 CE64 CE65 CE66 CE67 CE68	CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT20 CT22

Valora a acción educativa do mestre na educación primaria como un proceso de intervención profesional, o que supón explicar, xustificar e xenerar pedagóxicamente a súa intervención	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG12	CE1 CE2 CE7 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE15 CE17 CE20 CE22 CE23 CE24 CE29 CE34 CE62 CE64 CE65 CE66 CE67 CE68	CT1 CT3 CT7 CT8 CT9 CT12 CT13 CT14 CT15 CT17 CT20

Contidos	
Topic	
I. CONCEPTO, FINALIDADES E SISTEMAS EN EDUCACIÓN	Concepto de educación. Dimensións da educación. Educación en valores. Piares da educación. O universo educativo
II O COÑECEMENTO CIENTÍFICO DA EDUCACIÓN	Saber pedagóxico e coñecemento científico. A pedagoxía como ciencia e como disciplina. O coñecemento da educación e as ciencias da educación. Achegas para a praxe educativa.
III. AXENTES E INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS	Relacións familia, escola e comunidade. A profesión docente e o proceso de comunicación. Do centro escolar á cidade educadora. Movementos e institucións educativas.
IV. TEORÍAS EDUCATIVAS CONTEMPORÁNEAS	Antecedentes e inicio da modernidade pedagóxica. A escola nova. Teorías socialistas. Teorías antiautoritarias. Teorías personalistas. Teorías críticas coa institución escolar. A teoría educativa no inicio do século XXI.
V. HISTORIA DA ESCOLA PRIMARIA	Nacemento e desenvolvemento dos sistemas educativos. Os procesos de escolarización e a educación básica. A escola primaria na súa historia e no momento actual.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	20	15	35
Traballo tutelado	8	5	13
Resolución de problemas	8	7	15
Debate	6	2	8
Seminario	12	5	17
Traballo tutelado	0	30	30
Prácticas con apoio das TIC	3	3	6
Seminario	0	2	2
Exame de preguntas obxectivas	2	25	27

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente	
	Description
Lección maxistral	Exposición por parte da persoa responsable da docencia dos contidos da materia e das bases teóricas e directrices do traballo a desenvolver polo estudantado.
Traballo tutelado	Terán como finalidade a exposición de comentarios, recensións, actividades ou traballos de tipo individual e/ou colectivo por parte do alumnado con debate posterior.
Resolución de problemas	Orientados a analizar casos, estudo de situacións, comentar textos ou afondar ou complementar os contidos da materia.
Debate	O alumnado comentará e analizará nunha perspectiva reflexiva e crítica cuestións cunha orientación teórica e práctica vinculadas cos contidos básicos da materia

Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico. Empréganse como complemento das sesións maxistrais, para desenvolver competencias instrumentais relacionadas co marco teórico da materia.
Traballo tutelado	O alumnado deberá realizar de forma individual e/ou grupal varios traballos sobre algúns dos temas vinculados cos contidos da materia.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma.
Seminario	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	Tempo dedicado a resolver dubidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. Seguimento individual do desenvolvemento que cada persoa presenta na aula.
Seminario	Tempo dedicado a resolver dubidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. Seguimento individual do desenvolvemento que cada persoa presenta na aula.
Traballo tutelado	Tempo dedicado a resolver dubidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. Seguimento individual do desenvolvemento que cada persoa presenta na aula.
Traballo tutelado	Tempo dedicado a resolver dubidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. Seguimento individual do desenvolvemento que cada persoa presenta na aula.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess			
Traballo tutelado	Participación activa na clase e nas actividades de aula. Entrega e presentacións/exposicións de actividades de aula (Avaliación continua)	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE7 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE15 CE17 CE19 CE20 CE22 CE23 CE24 CE29 CE34 CE62 CE64 CE65 CE66 CE67 CE68	CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT20 CT22
Traballo tutelado	Realización dun traballo, preferentemente grupal, cuxo tema será convido cos/as docentes, así como tutelado por estes ao longo do cuadrimestre (Avaliación continua)	40	CB1	CG8 CG12	CE10 CE64	CT1 CT3 CT6 CT8 CT14 CT16

Exame de preguntas obxectivas	Proba de carácter escrito con preguntas de opción múltiple nas que o alumnado deberá escoller a resposta correcta entre varias posibles (Avaliación final)	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG12	CE1 CE2 CE5 CE7 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE15 CE17 CE19 CE20 CE22 CE23 CE24 CE29 CE34 CE62 CE64 CE65 CE66 CE67 CE68	CT1 CT2 CT3 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT20 CT22

Other comments on the Evaluation

Ou alumnado deberá comunicar ao profesorado por ca dos dous modelos de avaliación (asistencial ou non asistencial) vai optar na primeira quincena do curso, excepto no caso do alumnado que perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia. Calquera outra circunstancia deberá ser comunicada ao profesorado para os efectos da avaliación.

A ficha con foto e datos persoais deberá ser entregada ao profesor/a en as dúas primeiras semanas de clase.

Avaliación para o alumnado asistente: Realizarase segundo os seguintes parámetros: 1. Traballos de aula: 20% (2 puntos); 2. Traballo tutelado, preferentemente grupal: 40% (4 puntos); 3. Exame de preguntas obxectivas : 40% (4 puntos) Para obter unha cualificación positiva o alumnado deberá conseguir o 50% en cada dos apartados.

Avaliación de non asistentes: Terán a consideración de non asistentes aqueles alumnos/ as que non consigan o 80% da asistencia. A avaliación será idéntica á do alumnado asistente, coa diferenza que se substituirá "traballos de aula" por un traballo individual que se acordará o inicio de curso, consistente no desenvolvemento dun tema ou sub-tema do programa desde un enfoque teórico-práctico ou na lectura, síntese e valoración crítica dun libro relacionado co temario e convido co profesorado na primeira quincena do curso. Así, a avaliación para o alumnado non asistente consistirá en: 1. Traballo individual teórico-práctico: 20% (2 punto); 2.Traballo tutelado individual sobre bloques temáticos da materia: 40% (4 puntos); 3. Exame de preguntas obxectivas sobre cuestións do programa: 40% (4 puntos).Do mesmo xeito que para o alumnado asistente, para a superación da materia deberá alcanzar polo menos o 50% en todos os apartados sinalados na avaliación.

IMPORTANTE: De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo. A data oficial do exame pode consultarse na web da Facultade, no apartado Datas exames.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Colom, A.J. (Ed.), **Teorías e instituciones contemporáneas de la educación**, Ariel, 2002

Colom, A.J. & Melich J.C. (Eds.), **Después de la modernidad : nuevas filosofías de la educación**, Paidós, 2001

Freire, P., **La educación como práctica de la libertad**, Siglo XXI, 1967

Palacios, J., **La cuestión escolar. Críticas y alternativas**, Laia, 1978

Trilla, J. (Coord.), **El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI**, Graó, 2001

VV.AA, **Pedagogías del Siglo XX**, 2000

Complementary Bibliography

Aldecoa, J. (1990), **Historia de una maestra**, Anagrama, 1990

Carrera, M.V., Lameiras, M. & Cid, X.M., **Una pedagogía transgresora para la prevención del bullying en el aula.**, Ediçoes Afrontamento, 2011

Cid, X.M., **Rosa Pons I Fabregas, unha maestra europea en Parada de Sil. Conversas co seu fillo Camilo.**, Nova Escola Galega, 2009

Delors, J. (Coord.), **La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la educación para el siglo XXI**, Santillana, 1996

DePalma, R., & Atkinson, E. (Eds.), **Interrogating heteronormativity in primary schools: The work of the No Outsiders project.**, Trentham, 2009

Freinet, C., **Técnicas Freinet da Escola Moderna**, Edicións Xerais, 1996

García, J.L., **La sociedad educadora**, Editorial Independiente, 2000

Gimeno, J, **La educación que aún es posible. Ensayos a cerca de la cultura para la educación**, Morata, 2005

Giraux, H., **Los profesores como intelectuales. Hacia una pedagogía crítica del aprendizaje**, Paidós, 1990

Illich, I., **La sociedad desescolarizada**, Barral, 1976

Renold, E., **Girls, boys and junior sexualities: exploring children s gender and sexual relations in the primary school**, Routledge, 2005

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Historia: Historia do presente/O05G120V01203
Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento/O05G120V01104
Socioloxía: Socioloxía da educación/O05G120V01105
Ética e deontoloxía profesional/O05G120V01903

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas no tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% en presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza fai referencia ao espazo no que se desenvolverá a actividade. Dentro do posible escenario de ensino mixto ou *semipresencial, as metodoloxías levarían a cabo de modo *semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensino a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a unha modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se procede) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase ao mesmo tempo o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente común.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as próximas convocatorias, mantéñense en calquera do tres modalidades de ensino previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, como para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensino mixto ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Si non fose posible facelas *presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou se realizarían exclusivamente de forma virtual. Si a situación é de ensino a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:
Para o curso 2020-2021 non hai modificacións nas probas de avaliación, excepto no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.

IDENTIFYING DATA				
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos				
Subject	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos			
Code	O05G120V01103			
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	1c
Teaching language	Galego			
Department	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinator	Conde Rodríguez, María Ángeles			
Lecturers	Conde Rodríguez, María Ángeles Puente Carracedo, Hipólito			
E-mail	angelesconde@uvigo.es			
Web				
General description	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación primaria. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 6 a 12 anos. Estes coñecementos son fundamentais na formación de mestres xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
